

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 18/12/2019 14:06:51

SAIDA 13697/19

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 163/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 13 de novembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único.- [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 13 de novembro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución do 11 de novembro de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades, polo que se estima o seu recurso potestativo de reposición contra a Resolución do 24 de setembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se adxudican as axudas do anexo I, modalidade A, da Orde do 28 de maio de 2019, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019(DOG nº 189, do 4 de outubro).



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

A interesada presentou no mes de xullo de 2019 a documentación necesaria para concorrer as Axudas á etapa de formación posdoutoral convocada pola Xunta de Galicia. En setembro de 2019, publicouse na páxina web da Xunta de Galicia a Proposta da Lista dos órganos instrutores, a partir do informe da comisión de selección, coa proposta de concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral 2019 nas universidades do Sistema Universitario de Galicia. Contra a dita resolución presentou un recurso de reposición no que solicitou acceder o expediente completo e a todas as actuacións realizadas referentes á avaliación dos seus méritos e de todos os candidatos da rama de coñecemento "Ciencias" que quedaron por diante dela. Mediante resolución do 11 de novembro de 2019, a Secretaría Xeral de Universidades, estima o seu recurso potestativo de reposición.

A interesada presenta reclamación ante a Comisión da Transparencia por estar disconforme coa resolución do seu recurso de reposición.

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra as resolucións expresas ou presuntas en materia de acceso á información pública poderá interperse unha reclamación ante a Comisión da Transparencia, que terá a consideración de substitutiva dos recursos administrativos, así como un carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa. O procedemento para a tramitación da reclamación será o establecido nos parágrafos 2 a 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que a tramitación da reclamación se axustará ao establecido en materia de recursos pola normativa de procedemento administrativo vixente.

O artigo 124.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que contra a resolución dun recurso de reposición, non pode interperse de novo dito recurso.

No presente caso, a reclamante participou nunha convocatoria de axudas á etapa de formación posdoutoral e contra a resolución da mesma, presentou un recurso de reposición. Trátase por tanto dun expediente no que a reclamante participa para a obtención dunha axuda, na que actúa na súa condición de interesada e no que cuestiona mediante a presentación dun recurso de reposición as valoracións efectuadas, e contra a resolución do recurso, presenta reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia.

Non se trata por tanto dunha solicitude de acceso á información pública coa que a interesada estea desconforme, senón dun procedemento específico de concesión de axudas na que a reclamante, que ten a condición de interesada, non está conforme coas valoracións efectuadas.

A reclamación por tanto non pode ser admitida porque non se dirixe contra a falla de contestación a unha solicitude de acceso á información, senón contra a resolución dun recurso de reposición.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data 13 de novembro de 2019, contra a resolución do 11 de novembro de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades, polo que se estima o seu recurso potestativo de reposición contra a Resolución do 24 de setembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se adxudican as axudas do anexo I, modalidade A, da Orde do 28 de maio de 2019, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019(DOG nº 189, do 4 de outubro)

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-

administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019

76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
S6500009C

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2019.12.18 12:26:24
+01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.